

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A galiña dos pitos de ouro

Tamén se di que no Monte Caxado hai unha pena que garda dentro unha moura encantada. Din que era unha princesa moura que namorara dun mozo do lugar pero o rei mouro, pai da moza, non estando de acordo con isto encantouna no Monte Caxado. Desde entón dise que sae a noite de San Xoán transformada nunha galiña cos seus pitos, para volver ao amencer á pena onde está encantada.

Lugar da lenda: Monte Caxado, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

[Acheга de Xosé María Ferro Formoso, As Pontes (A Coruña). Marzo de 2018]